

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 9 DE MARZO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a nove de marzo de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as nove horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 2 de marzo de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Conejos Gallegos COGAL, S. Coop. Galega

ANTECEDENTES

1. Don Juan Castro Rodríguez, con DNI núm. [REDACTED], na representación que acredita por parte da sociedade CONEJOS GALLEGOS COGAL, S. COOP. GALEGA, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Álceme, parroquia de Álceme, solicita con data 29 de novembro de 2021 (RE-E

- núm. 433) licenza municipal para **INSTALACIÓN DE VALORIZACIÓN DE SUBPRODUTOS PARA A OBTENCIÓN DE ENERXÍA**, con emprazamento na parroquia de Álceme.
2. A sociedade referida foi constituída por escritura autorizada, con data 1 de outubro de 1985, polo notario de Silleda Don Manuel Remuñán López, modificada posteriormente por outras para a adaptación dos seus Estatutos á normativa vixente. Figura inscrita no Rexistro Xeral de Cooperativas no Tomo [REDACTED].
 3. Achégase proxecto técnico e anexo visados polo colexio correspondente (núm. [REDACTED], do 25/11/21 e anexo de data 18/02/22), redactados polo enxeñeiro técnico industrial Don Jacobo Bouzada Rodríguez.
 4. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de execución das obras fíxase en corenta e dúas (42) semanas.
 5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “solo urbanizable non delimitado industrial S.UR.ND.I-1” polo PXOM en vigor.
4. Dito solo foi obxecto de desenvolvemento a través dos seguintes instrumentos urbanísticos en vigor:

- Plan de Sectorización, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en data 1 de xullo de 2013 e publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 150, do 07/08/13.
 - Proxecto de Compensación, aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local en data 19 de novembro de 2014.
 - Proxecto de Urbanización, aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local en data 3 de maio de 2018.
5. As obras de urbanización, segundo acta estendida ao efecto que obra no expediente, iniciáronse con data 14 de xaneiro de 2020.
 6. Solicítase licenza para unha instalación de valorización de subprodutos para a obtención de enerxía utilizando os subprodutos SANDACH de categoría 2 xerados no matadoiro de Cogal, que se someterán a unha degradación mediante dixestión anaerobia, obtendo no proceso unha corrente de biogás que se utilizará para o abastecemento térmico das caldeiras do proceso industrial de Cogal.
 7. O biogás será utilizado nunha das caldeiras das instalacións existentes mediante a substitución do queimador que posúen por un de tipo mixto, que permita traballar tanto con gasóleo C como con biogás, conseguindo unha redución do impacto ambiental asociado á combustión de combustibles fósiles e a mellora da eficiencia das instalacións de produción de Cogal.
 8. As obras proxectadas situaranse no emprazamento das actuais instalacións da sociedade cooperativa na parroquia de Álceme, na parcela catastral coa referencia 36047A092004770001AQ.
 9. A Disposición Transitoria primeira da LSG dispón que ao solo urbanizable delimitado e non delimitado, se lles aplicará integramente o disposto no planeamento respectivo.
 10. Resulta de aplicación as Ordenanzas de Uso Industrial 1 e 2 do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable non Delimitado Industrial S.UR.ND.I-1. As obras proxectadas cumpre os usos, tipoloxía, condicións e parámetros urbanísticos establecidos polas citadas Ordenanzas.
 11. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de SEISCENTOS TRINTA E CATRO MIL TRINTA EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (634.060,67 €).
 12. Figura no expediente a resolución de data 02/11/21 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se modifica aos presentes efectos a autorización ambiental integrada núm. [REDACTED] (expediente núm. [REDACTED]).

13. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
14. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
15. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
16. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder a CONEJOS GALLEGOS COGAL, S. COOP. GALEGA licenza municipal para INSTALACIÓN DE VALORIZACIÓN DE SUBPRODUCTOS PARA A OBTENCIÓN DE ENERXÍA, con emprazamento na parroquia de Álceme, con estrita suxeición ao proxecto técnico e anexo visados polo colexio correspondente (núm. [REDACTED], do 25/11/21 e anexo de data 18/02/22), redactados polo enxeñeiro técnico industrial Don Jacobo Bouzada Rodríguez, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa

audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.

- c) Non poderá comezar o uso das instalacións proxectadas antes da recepción das obras de urbanización do polígono S.UR.ND.I-1 polo Concello (artigo 28.1.c) do RLSG).
- d) Antes da posta en marcha do establecemento deberá achegarse a documentación indicada polo artigo 5 do RD 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais, xunto coa acreditación de presentación da citada documentación ante o órgano competente de Industria da Comunidade Autónoma.
- e) En aplicación do artigo do artigo 11.2 do RIAE, logo de rematar a obra, e con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar no Concello a seguinte documentación:
 - ✓ Comunicación previa para o inicio da actividade.
 - ✓ Certificado final de obra suscrito polo técnico director das mesmas e visado polo correspondente colexio profesional.

SEGUNDO.- Impoñer á sociedade solicitante, de conformidade co previsto no artigo 28.1 do RLSG, a obrigaçión de asegurar a execución simultánea da urbanización e das instalacións mediante a constitución de aval a favor do Concello por importe de TRESCENTOS SETENTA E UN EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (371,70 €), custo estimado das obras de urbanización afectas ao terreo. Dito aval deberá ser presentado con carácter previo ao inicio das obras obxecto da presente licenza e non será cancelado ata terse xustificada a execución da totalidade das obras de urbanización mediante certificado emitido polo director das obras de urbanización, e a posterior recepción das mesmas por parte do Concello, se procede.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de DOCE MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (12.680,61 €).

CUARTO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de TRES MIL CENTO SETENTA EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (3.170,15 €).

3.- RECTIFICACIÓN DE ERROS NAS BASES E BAREMO PARA A PROVISIÓN DE SEIS (6) POSTOS DE TRABALLO SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022 (LIÑA 3: CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS) E DESESTIMENTO DE OFERTA REALIZADA ANTE O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA (SPEG)

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 17 de febreiro do corrente, aprobáronse as bases e o baremo de selección para a provisión de seis postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra.

Detectados pequenos erros nas Bases aprobadas, cómpre proceder a súa rectificación de conformidade co previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asemade, a oferta de emprego presentada ante o SPEG para dous postos de traballo de técnico en educación infantil non foi interpretada por dito Servizo autonómico de conformidade coas Bases aprobadas por este órgano, polo que procede desistir de dita oferta e presentar unha nova na que non existan dúbidas interpretativas en relación á vontade expresada polo órgano de goberno municipal.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Rectificar parcialmente as bases e baremo de selección para a provisión de seis postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra, aprobadas por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 17 de febreiro do corrente, corrixindo os seguintes erros:

1)

Onde di:

b. Ademais dos anteriores deberán terse en conta os seguintes requisitos específicos:
Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación para os seguintes postos de traballo:

- (...)
- Traballador social: Grao/Licenciatura en educación Social

Debe dicir:

b. Ademais dos anteriores deberán terse en conta os seguintes requisitos específicos:
Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación para os seguintes postos de traballo:

- (...)
- Traballador social: Grao/Licenciatura en traballo social

2)

Onde di:

Sexta .- Comisión de Selección:

A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

(...)

1 Posto de Traballador Social

Presidente: Jorge Ojea Mato, secretario-interventor do Concello.

Debe dicir:

Sexta .- Comisión de Selección:

A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

(...)

1 Posto de Traballador Social

Presidente: Jorge Ojea Mato, AEDL do Concello.

Segundo.- Desistir da oferta presentada ante o SPEG, rexistrada co núm. [REDACTED], aos efectos de garantir o principio constitucional de seguridade xurídica, por canto detectouse que do nela consignado puidera inferirse unha preferencia na sondaxe a favor dos/as candidatos/as coa titulación de técnico superior en educación infantil, cando no correspondente acordo de aprobación das Bases do proceso selectivo dispónse que ao postos de traballo convocados correspondentes a dita oferta poden ser preseleccionados/as indistintamente candidatos/as coas titulacións de técnico/a superior en educación infantil e de mestre/a, especialidade en educación infantil.

4.- CONTRATACIÓN DE NOVE (9) TRABALLADORES/AS AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022 – LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada

o día 17 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de nove postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar ofertas xenéricas ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados, correspondentes aos perfís profesionais de peón de obras públicas, peón forestal, peón teitador en asfalto, peón varredor e peón tractorista (RS núm. 88, do 21/02/22). En resposta ás ofertas presentadas, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello as seguintes relacións de candidatos/as:

Peón de obras públicas (oferta núm. [REDACTED])

- Cambeiro Lois, Manuel
- Carral Viana, Jesús
- Fernández Fernández, José
- Ferreiro Sanmartín, María Victoria
- García Ledo, Carmen
- Guerra Guerra, Méloidi
- Jorge Bernárdez, José
- Ledo Lamas, Luís
- Moreiras Méndez, Adrián
- Sousa García, Cándida
- Vázquez Vázquez, Alberto
- Villanueva Janeiro, Luís

Peón forestal (oferta núm. [REDACTED])

- Carral Viana, Jesús
- Dobarro Cibeira, José Ramón
- Lois Rodríguez, Manuel

Peón teitador en asfalto (oferta núm. [REDACTED])

- Ferreiro Sanmartín, María Victoria
- García Ledo Carmen
- González García, Josefa
- Jorge Bernárdez, José

- Sousa García, Cándida
- Villanueva Janeiro, Luís

Peón varredor (oferta núm. [REDACTED])

- Fernández Fernández, José
- Fernández Meijomil, Rocío
- Ferreiro Sanmartín, María Victoria
- García Ledo Carmen
- Lyubenova Asenova, Lilyana

Peón tractorista (oferta núm. [REDACTED])

- Lois Rodríguez, Manuel

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

Peón de obras públicas

- Carral Viana, Jesús (RE núm. 347, do 07/03/22)
- Fernández Fernández, José (RE núm. 319, do 03/03/22)
- Ferreiro Sanmartín, María Victoria (RE núm. 321, do 03/03/22)
- García Ledo, Carmen (RE núm. 322, do 03/03/22)
- Jorge Bernárdez, José (RE núm. 343, do 07/03/22)
- Ledo Lamas, Luís (RE núm. 326, do 04/03/22)
- Sousa García, Cándida (RE núm. 315, do 02/03/22)
- Villanueva Janeiro, Luís (RE núm. 330, do 04/03/22)

Peón forestal

- Carral Viana, Jesús (RE núm. 347, do 07/03/22)
- Dobarro Cibeira, José Ramón (RE núm. 320, do 03/03/22)

Peón teitador en asfalto

- Ferreiro Sanmartín, María Victoria (RE núm. 321, do 03/03/22)
- García Ledo Carmen (RE núm. 322, do 03/03/22)

- Jorge Bernárdez, José (RE núm. 343, do 07/03/22)
- Sousa García, Cándida (RE núm. 315, do 02/03/22)
- Villanueva Janeiro, Luís (RE núm. 330, do 04/03/22)

Peón varredor

- Fernández Fernández, José (RE núm. 319, do 03/03/22)
- Ferreiro Sanmartín, María Victoria (RE núm. 321, do 03/03/22)
- García Ledo Carmen (RE núm. 322, do 03/03/22)
- Lyubanova Asenova, Lilyana (RE núm. 317, do 02/03/22)

Peón tractorista

- Deserta

A Comisión de Selección prevista nas Bases, reunida o día 8 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte dos/as candidatos/a presentados/as dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoos/as aos procesos selectivos.

Procederon deseguido á valoración dos méritos dos/as candidatos/as admitidos/as, co seguinte resultado:

Peón forestal

CANDIDATO	PUNTUACIÓN TOTAL
JESÚS CARRAL VIANA	2,35
JOSÉ RAMÓN DOBARRO CIBEIRA	3,95

Peón varredor

CANDIDATO/A	PUNTUACIÓN TOTAL
JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	2,75
Mª VICTORIA FERREIRO SANMARTÍN	4,85
CARMEN GARCÍA LEDO	3,45
LILYANA LYUBENOVA ASENOVA	0,00

Peón teitador en asfalto

CANDIDATO/A	PUNTUACIÓN TOTAL
Mª VICTORIA FERREIRO SANMARTÍN	4,85
CARMEN GARCÍA LEDO	3,45
JOSÉ JORGE BERNÁRDEZ	2,55
CÁNDIDA SOUSA GARCÍA	5,05
LUÍS VILLANUEVA JANEIRO	3,55

Peón de obras públicas

CANDIDATO/A	PUNTUACIÓN TOTAL
JESÚS CARRAL VIANA	2,35
JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	2,75
Mª VICTORIA FERREIRO SANMARTÍN	4,85
CARMEN GARCÍA LEDO	3,45
JOSÉ JORGE BERNÁRDEZ	2,55
LUÍS LEDO LAMAS	2,45
CÁNDIDA SOUSA GARCÍA	5,05
LUÍS VILLANUEVA JANEIRO	3,55

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección, e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar deserto o posto de traballo de peón tractorista por ausencia de candidatos/as presentados/as ao proceso selectivo e solicitar do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) unha ampliación da oferta ao obxecto de acadar máis candidatos/as para poder prover o posto de traballo ofertado.

Segundo.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de obra ou servizo determinado de interese social, dos/as traballadores/as que deseguido se sinalan:

Peón forestal (6 meses)

NOME E APELIDOS	DNI/NIE
JOSÉ RAMÓN DOBARRO CIBEIRA	██████████
JESÚS CARRAL VIANA	██████████

Peón varredor (6 meses)

NOME E APELIDOS	DNI/NIE
M ^a VICTORIA FERREIRO SANMARTÍN	██████████

RESERVA:

LILYANA LYUBENOVA ASENOVA

Peón teitador en asfalto (6 meses)

NOME E APELIDOS	DNI
CÁNDIDA SOUSA GARCÍA	██████████
LUÍS VILLANUEVA JANEIRO	██████████

Peón de obras públicas (6 meses)

NOME E APELIDOS	DNI
CARMEN GARCÍA LEDO	██████████
JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	██████████
JOSÉ JORGE BERNÁRDEZ	██████████

Peón de obras públicas (4 meses e 14 días)

NOME E APELIDOS	DNI
LUÍS LEDO LAMAS	██████████

Terceiro.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE III”,

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2, correspondente á obra de “Construcción dun edificio polivalente de uso asistencial – Fase III”, por importe de SESENTA MIL CATROCIENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (60.446,13 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo arquitecto Don Pablo Noya Suárez e polo arquitecto técnico Don José Abel Mato Méijome.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra DEPUR GM DESEÑO E OBRA S.L., por un importe total de 60.446,13 €, con cargo á correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 22007 (FACe), de data 10/02/22, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

6.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN POR INGRESO DUPLICADO

VISTO o escrito que deseguido se sinala, polo que solicita a devolución do abonado indebidamente en concepto de Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), ao presentar dúas comunicacións previas diferentes para unha mesma obra e satisfacer o ICIO polas dúas. A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade reintegrar a favor da solicitante a cantidade reclamada, en concepto de devolución por duplicidade:

SOLICITANTE	DATA	REXISTRO ENTRADA	CONCEPTO	IMPORTE A REINTEGRAR
JOSEFA P. DAPARTE ARIAS	28/01/22	RE-E-41	ICIO (acordo XGL 19/07/21)	22,06 €

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 1.277,72 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de xaneiro de 2022, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 1.678,63 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de xaneiro de 2022, s/recibos.
- FERRODEIRO S.L. 1.113,01 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 000515.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 274,67 € E 130,44 €
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6T800001411 e TA6T80001412 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-C2DD-043085 e 28-C2DD-043274 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 266,25 € E 69,76 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de febreiro de 2022, s/facturas núm. 4003331276 e 4003336461 (FACe).
- MAPFRE SEGUROS GENERALES S.A. 1.203,65 €
Por seguro semestral do camión de recollida do lixo, s/recibo.
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A.U. 34,54 €
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 362422FC0000546.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 476,44 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 196.

- CONSULTORÍA ICAL S.L. 2.069,10 €
Por abono parcial do contrato de servizo para a actualización, informatización e peche contable do exercicio económico 2021, s/factura núm. 2022.004.
- MAPFRE SEGUROS GENERALES S.A. 148,12 €
Por seguro anual do remolque da AVPC, s/recibo.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 217,30 €
Por diversas reparacións no Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 10/22.
- FERRODEIRO S.L. 1.185,42 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 000516.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 396,54 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumado público do Concello, s/factura núm. 9/22.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 65,34 €
Por traballos de fontanería para o Concello, s/factura núm. 13/22.
- COSAPLAG S.L.U. 49,59 €
Por analítica de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/factura núm. 20220740 (FACe).
- LORENA BUGALLO PREGIGUERO 237,00 €
Por subministro de tazas Rosalía de Castro para actividade cultural municipal, s/factura núm. 2022-002.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 180,20 €
Por diversas reparacións no pavillón polideportivo municipal, s/factura núm. 14/22.
- CANTERAS DE RICHINOL S.L 789,07 €
Por subministro de grava para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000086 (FACe).

- CANTERAS DEL ARENAL S.L 681,28 €

Por subministro de grava para obras en camiños municipais, s/factura
núm. 000000062 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por
rematada a sesión, sendo as dez horas quince minutos, da que como
secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)